

# TEATRO



## Sinxelamente, comedia

Inma López Silva

**T**en o toque encantadoramente atrapallado das comedias de Woody Allen e ten tamén unha idea intelixente: inventar un personaxe feminino que actúe como alter ego do actor e director neoiroquino que todos coñecemos ben polas súas interpretacións do personaxe miñaxoia, nervioso e hipocóndrico que adoita protagonizar os seus filmes. *A filla de Woody Allen* é por iso un espectáculo no que o público atopa cumprida a expectativa que se lle anuncia coa referencia do título, cousa que xera a satisfacción da sinceridade. Mais iso non sería suficiente se non fora pola solvencia coa que Marián Bañobre desenvolve o longo monólogo deste estraño personaxe sen máis axuda ca unha ma-

**A FILLA DE WOODY ALLEN**  
**Autor e director:** Santiago Cortegoso  
**Intérprete:** Marián Bañobre  
**Coreografía:** Carmela Bueno  
**Deseño de vestuario:** Marina Bañobre

leta e uns cantos accesorios. É unha estupenda actriz que xa destacara nalgún papel con Teatro de Ningures, mais a súa vis cómica e o seu saber facer no escenario queda patente na súa interpretación desta posíbel filla de Woody Allen. Bañobre é unha desas actrices que fai que pareza fácil o difícil e que enche o escenario coa súa forte presenza, aparentemente sinxela, para cargar de matices o personaxe que interpreta. Ese talento está só reservado ás grandes cómicas.

O texto de Santiago Cortegoso oscilando entre cómico, case absurdo, e o trágico, tamén case absurdo, contribúe moito a que a actriz poida desenvolver un personaxe que fala e fala cun discurso cargado de suxestións e sobreentendidos. Se cadra a aspiración trágico-nostálgica cobra demasiada forza cara ao final, nun xiro do texto imposible de prever ao comezo, xustamente porque o nivel de comicidade da primeira media hora

é difícil de soste durante a obra completa sen caer no facilón. Por iso *A filla de Woody Allen* deixa un pouso agridoce que contribúe a que o espectador lle colla cariño a ese personaxe acomplegado e aloucado que viaxa nun barco chamado Poesía na procura do seu pai, habitante da capital das neuroses, Nova York.

Canto á dirección, nótase que o monólogo está construído permanentemente desde a mirada externa, algo que comeza a escasear ante a irrupción terrible do "estilo" *clube da comedia*. Neste espectáculo, porén, temos teatro, temos unha construción que aproveita a fascinante convención do personaxe falando só (ou falándolle ao público?) para desenvolver toda unha vida na que o espectador non pode máis que evocar e proxectar vivencias grazas, en parte, a unha construción complexa do tempo en escena, e grazas, sobre todo, a unha dosificación do ritmo que, no xénero do monólogo, non é fácil de lograr. En *A filla de Woody Allen* isto conséguese grazas a un recurso clásico: a división da intervención da protagonista en función de temas centrais e momentos vitais, teimas ou paixóns e, sobre todo, a través da construción clara dun fío temporal condutor que constitúe a viaxe en barco, situación que chegamos a esquecer, mais que regresa sempre como recordatorio constante dos referentes en escena.

*A filla de Woody Allen* é un deses espectáculos que demostra que para facer bo teatro non son necesarias grandes complicacións. Só un texto intelixente, unha boa actriz e vontade de calidade en todo canto atinxe ao que o espectador percibirá. Se cadra por iso este sinxelísimo espectáculo adoita rematar cun agradecido público en pé.